



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A AUTORIDAD PORTUARIA DE FERROL-SAN CIBRAO PARA FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NA FACHADA MARÍTIMA DE FERROL.

En Ferrol, a 23 de setembro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante AXI).

Doutra parte, Francisco Barea Paz, en calidade de Presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao (en adiante APFSC), con C.I.F. núm. Q1567004E, nomeado pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia mediante Orde do 26 de agosto de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 165 de data 27 de agosto de 2021 e no Boletín Oficial do Estado núm. 217 de data 10 de setembro de 2021 (Orde TMA/944/2021, do 2 de setembro, do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana), actuando en nome e representación do citado ente público, no exercicio das competencias que lle confire o artigo 31.2.a) do Real decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro,

polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos del Estado e da mariña mercante (en adiante TRLPEMM).

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Parte das superficies que integran a zona de servizo da APFSC, configuran o fronte litoral da cidade de Ferrol, polo que constitúen unha zona clave para a mobilidade, o urbanismo, o saneamento e o ocio dos cidadanía

Diversas actuacións urbanísticas levadas a cabo pola APFSC, dende os anos 90 ata a actualidade, permitiron mellorar de forma substancial a relación entre o porto e a cidade, tanto na zona de A Graña-A Cabana, A Malata, Caranza e no Muelle de Curuxeiras, actuacións que se pretenden continuar con apoio da Xunta de Galicia.

Segundo. A AXI ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura,

fomentando as relacións municipais e intermunicipais na busca e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Terceiro. S APFSC está redactando nestes momentos un proxecto nos terreos de dominio público portuario, para humanizar a zona de contacto entre o porto e a cidade de Ferrol, en concreto a denominada estrada baixa do porto e dársena de Curuxeiras para permitir o tránsito seguro de peóns e ciclistas de modo compatible coa actividade portuaria. Este proxecto servirá de base para formular este acordo que persigue acadar espazos públicos sostibles, humanizados e seguros. O proxecto recolle a construción de estacionamentos disuasorios e se complementa coa renovación do alumeadado público, co obxectivo de garantir un consumo máis sostible.

Cuarto. A AXI, a través dos fondos de Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (en adiante MRR) subvencionará o proxecto “Integración urbana e mellora do tránsito peonil/ciclista na estrada baixa do Porto e dársena de Curuxeiras”, por ser favorecedor da implantación dunha zona de baixas emisións na cidade de Ferrol, xa que xunto con outras infraestruturas existentes ou en desenvolvemento permitirá o acceso de peóns e ciclistas a una importante zona de equipamentos e servizos no perímetro da ensenada de A Malata, e habilitará prazas de estacionamento que disuadan do acceso en vehículo particular ao núcleo urbano. Un proxecto, por tanto, baseado nunha recuperación sostible e resiliente do entorno marítimo e portuario de Ferrol que incidirá nunha maior calidade de vida da cidadanía.

O proxecto encádrase entre as actuacións obxecto de financiación á Comunidade Autónoma de Galicia recollidas no Anexo III do Acordo da Conferencia Nacional de Transporte, do 5 de novembro, polo que se fixan os criterios de distribución territorial de créditos orzamentario dos exercicios 2021 e 2022.

En concreto, o proxecto forma parte dunha das actuacións que pertencen á inversión 1 do compoñente 1 (medida C1.I1) do citado Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que ten asignado o código 048, correspondente a medidas para a mellora da calidade do aire e a redución do ruído, do Anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, polo que lle corresponden os seguintes etiquetados climáticos, medioambientais y dixitais:

- Etiquetado climático: 40%
- Etiquetado medioambiental: 100%
- Etiquetado dixital: 0%

As actuacións obxecto deste convenio suporán o desprazamento do actual peche do Porto, gañando espazo para as persoas e poñendo a disposición da cidade unha superficie notablemente maior que a actualmente dispoñible co obxectivo de ampliar o espazo peonil y dotar á travesía dun carril bici. Para lograr estes obxectivos será preciso desprazar o peche do recinto portuario, así como actuar tamén noutros elementos, para manter tanto a circulación

viaria como os usos previstos, creando ademais áreas que actúen como estacionamento disuasorio reduciendo a intensidade do tráfico na cidade.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, é necesario establecer as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase este convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e a APFSC para o fomento da mobilidade sostible na fachada marítima de Ferrol.

O obxecto da actuación é múltiple e se distribúe nas seguintes actuacións:

1.- Integración urbana e mellora do tránsito peonil/ciclista na estrada baixa do Porto.

Trátase dun vial cunha lonxitude aproximada de 750 m, que parte desde a ensinada de A Malata na glorieta que dá acceso ao porto interior de Ferrol, e termina na avenida d Mariña, xa no casco urbano e no límite da muralla do Baluarte de San Juan.

Por este vial prevese que discorra un dos principais itinerarios ciclistas da cidade, de modo que ademais se unan infraestruturas existentes na Malata e no casco urbano, agora inconexas. Isto ten unha gran importancia para a cidade, xa que permitirá o acceso en bicicleta dende a cidade a equipamentos como o estadio de fútbol de A Malata, o recinto feiral de Ferrol (FIMO), ou o pavillón e pista de atletismo, entre outros. Ademais, estase realizando a obra do Acceso Ferroviario ao Porto Exterior, que inclúe unha pasarela peonil e ciclista paralela que permitirá unir o ámbito de actuación obxecto do convenio e, por tanto, a cidade, coa zona de A Graña.

As condicións actuais do vial, sen embargo, non permiten un tránsito ciclista seguro, por la presencia dominante do vehículo rodado, por unhas características da calzada que incitan á circulación a velocidades altas e por carecer dun espazo suficiente para o tránsito seguro de peóns e ciclistas.

Polo tanto, planease a adecuación do vial mediante a ordenación da sección transversal e reorganización do mesmo. Para acoller a sección do vial proposta prevese o retranqueo de 2 m do peche actual do porto interior, permitindo nesta banda a construción dun carril-bici bidireccional, en

continuidade co procedente do paseo de A Malata, ata a Dársena de Curuxeiras. Proxéctase un percorrido peonil cun ancho en torno a 5 m, polo lado Este (lado cidade), con dous cruces penois principais para acceder, ao principio do tramo, á pasarela. peonil, situada no lado Porto e, no extremo contrario, na zona do baluarte, co novo estacionamento proxectado, e a dársena de Curuxeiras. Os recorridos peonís contarán, ademais, con parterres axardinados e alcorques con especies arbóreas que actúen de filtro e separación respecto ao tráfico rodado.

Esta actuación está presupostada en 1.451.212,90 € IVE non incluído

2. Entorno da dársena de Curuxeiras

A través do entorno da dársena de Curuxeiras únese a actuación da estrada baixa do Porto co núcleo urbano da cidade de Ferrol, constituíndo unha actuación complementaria da anterior e necesaria para darlle continuidade.

Ademais, trátase da zona dos antigos muelles comerciais, transformados en áreas náutico-recreativas e a súa explanada anexa nun espazo usado pola cidadanía ao ser unha zona na que a cidade ten contacto directo co mar.

Proxéctase, polo tanto, darlle continuidade á actuación na estrada baixa do porto, de modo que se reordene a sección viaria, permitindo na banda do lado mar a construción dun carril-bici bidireccional, en continuidade con procedente do paseo de A Malata. E proxéctase un recorrido peonil cun ancho en torno a 5 m, polo lado Este (lado cidade), con catro cruces peonís principais para acceder, en distintos puntos, á dársena de Curuxeiras. A

plataforma sería a un único nivel garantindo así a accesibilidade integral de todo o ámbito.

O importe desta actuación está presupostado en 1.372.066,24 € IVE non incluído.

3. Estacionamentos disuasorios.

Construción de dous estacionamentos disuasorios, o primeiro deles na parcela núm. 8, actualmente utilizada para almacenamento á intemperie de material diverso, e o segundo no porto interior.

Coa construción destes estacionamentos preténdese evitar o acceso de vehículos privados ao núcleo urbano de Ferrol, facilitando estes espazos de estacionamento en puntos de fácil acceso dende a rede viaria de alta capacidade, e próximos ao núcleo urbano de modo que se poida acceder facilmente ao mesmo a pé, en bicicleta ou en transporte público.

- Estacionamento disuasorio no Porto Interior: transformarase un espazo do porto interior, para o que será necesaria a demolición de varias naves existentes, destinadas a almacén e talleres do porto, que serán recolocadas.
- Estacionamento disuasorio en parcela nº8: acondicionarase unha parcela actualmente utilizada para almacenamento á intemperie de material diverso, como espazo de estacionamento disuasorio, con

capacidade mínima para 63 prazas. Inclúese tamén a reorganización do vial de acceso para mellora de pavimentos, seguridade vial e accesibilidade peonil.

O importe desta actuación está presupostado en 976.720,86 IVE no incluído.

En conclusión, colas actuacións 1 e 2 permitirase o acceso peonil e ciclista, de modo seguro, dende a cidade de Ferrol ata a zona de A Graña e os equipamentos que se sitúan na ensinada de A Malata, evitando así unha mobilidade contaminante en vehículo privado, e ademais deseñándoo de modo compatible coa operativa portuaria da zona. E coa actuación número 3 dotarase á cidade de prazas de estacionamento que disuadan dla entrada con vehículo privado no núcleo urbano. Todo isto, para favorecer a implantación na cidade de Ferrol dunha zona de baixas emisións.

O orzamento necesario para la execución destas obras estimase en TRES MILLÓNS OITOCENTOS MIL EUROS (3.800.000,00 €), IVE no incluído.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA AUTORIDADE PORTUARIA DE FERROL-SAN CIBRAO

A APFSC obrígase a:

1. Redactar o documento técnico das obras de Integración urbana e mellora do tránsito peonil/ciclista na Estrada Baixa do Porto, Curuxeiras e estacionamentos disuasorios
2. Licitar, contratar, executar e dirixir as obras de Integración urbana e mellora de tránsito peonil/ciclista na Estrada Baixa do Porto, Curuxeiras e estacionamentos disuasorios.
3. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula terceira.
4. Xestionar a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos nos proxectos. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias.
5. De acordo co establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a establecerlle ao contratista a obrigan de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 dla citada lei. Será responsable da recompilación e valoración da documentación presentada polos adxudicatarios para comprobar a adecuación dos proxectos ás condicións de financiamento.
6. Cumprir as instrucións que tanto a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da AXI, como a Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana ou calquera outro órgano ou autoridade competente lles comunique en aplicación da normativa europea, nacional ou autonómica, que se puidera aprobar para a execución ou xestión do MRR como do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

7. Facilitar toda a información necesaria para que a Xunta de Galicia poida xustificar o destino dos fondos procedentes do MRR, ante os ministerios de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e Facenda e Función Pública de acordo coa normativa que lles sexa aplicable. En concreto, deberá comunicar mensualmente, coa data límite do terceiro día hábil do mes seguinte, os datos de progreso dos indicadores de fitos e obxectivos e dos mecanismos de verificación do mes anterior, de acordo co procedemento e formato de subministro de información para as entidades do sector público establecido na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

8. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

9. Respetar o principio de “non causar dano significativo” (principio “do no significant harm” - DNSH) ao medio ambiente previsto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e demais normativa europea de aplicación. Para isto, a APFSC terá en conta a Guía técnica sobre a aplicación do principio de “non causar un prexuízo significativo” en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), (Guía Técnica da Comisión Europea) e cumprimentará o cuestionario de auto avaliación do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) subministrado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

10. As actuacións estarán sometidas así mesmo ao seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a as obrigas específicas impostas, neste sentido, pola normativa nacional e da Unión Europea que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e cuxa aplicación será de obrigado cumprimento.

Para isto, a APFSC quedará suxeita a tódolos controis que, en relación á aplicación dos fondos percibidos establezan a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ou, no seu caso, os organismos comunitarios competentes.

Tamén deberá remitir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ou, no seu caso, á Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, canta información e documentos lle sexan requiridos, así como cumprir puntualmente co que puidera dispoñerse por calquera norma ou regulamentación aplicable.

Así mesmo, quedará comprometida expresamente, coa sinatura do convenio, a cumprir as instrucións que tanto a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como a Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ou calquera outro órgano ou autoridade competente lles dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea como nacional ou autonómica, que puidera aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

É responsabilidade da APFSC, en relación coa fiabilidade e o seguimento de tales indicadores, o permitir coñecer en todo momento o nivel de consecución dos fitos e dos obxectivos, única ferramenta para poder detectar

as desviacións producidas e adoptar as medidas necesarias en caso de situacións que puidesen comprometer o retorno de fondos por insuficiente cumprimento de tales fitos e obxectivos.

11. Comunicar á AXI a data de recepción das obras para os efectos de que poida enviar un representante, se o estima oportuno.

12. A APFSC deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o co financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade – Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado o seu carón con a única mensaxe “Xunta de Galicia”, de acordo co seguinte deseño:



13. Dispoñer dun plan de medidas ante fraude que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes foron utilizados de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección y corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021. Deberase recoller a avaliación de risco de fraude, a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) y la dispoñibilidade de un procedemento para abordar conflitos de intereses. Dito plan deberá cumprir cos requirimentos mínimos establecidos no artigo 6.5 da Orde HFP/1031/2021, do 20 de setembro.

14. Manter unha adecuada pista de auditoría da medición dos indicadores e de conservación da documentación soporte conforme co artigo 132 do Regulamento 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

15. Obriga de presentar, ao final de cada actuación, unha conta xustificativa que inclúa:

- o grao de cumprimento dos fitos e obxectivos respecto dos fixados inicialmente
- o custe real respecto do custe estimado inicialmente
- mecanismos de control aplicados na súa execución.

16. Obriga de presentar unha conta xustificativa final para a liquidación da axuda, importe, fitos e obxectivos acadados, tras o peche do MRR, unha vez finalizados tódolos controis nacionais ou comunitarios.

Obxectivos e fitos cuantitativos individualizados de obrigado cumprimento para a APFSC

Conforme coas orientacións do Ministerio de Facenda e Función Pública, do 11 de febreiro de 2021, a APFSC deberá cumprir cos obxectivos cuantitativos individualizados mínimos seguintes:

- Indicador de importe de inversión licitado: a 30 de marzo de 2023 deberase ter licitado por un valor de polo menos o 100% da contía recibida.
- Indicador de inversión adxudicada en licitacións e compras: a 31 de decembro de 2023 deberase ter adxudicado por valor do importe total da contía recibida.
- Deberase xustificar a finalización dos proxectos a data 31 de decembro de 2025. Para considerar finalizada unha actuación é necesario que tódolos elementos constitutivos da mesma estean finalizados. A estes efectos esixirase a acta de recepción do contrato ou o documento que se poida establecer alternativamente en cumprimento das disposicións que estableza a Comisión Europea ou o Ministerio de Facenda e Función Pública.

O valor da inversión que debe ser licitada a 31 de marzo de 2023 e adxudicada a 31 de decembro de 2023 pola APFSC é de 3.113.966,88 €, IVE non incluído, procedentes do MRR, ao marxe do importe de co financiamento que deba achegar esa entidade.

A APFSC deberá informar mensualmente sobre o progreso do seguintes indicadores de seguimento da execución dos créditos asignados ás actuacións obxecto deste convenio:

- Orzamento licitado
- Orzamento adxudicado
- Orzamento executado.
- Número de proxectos finalizados.

Os fitos e obxectivos son a única ferramenta para poder detectar desviacións producidas que permitan adoptar as medidas necesarias en caso de situacións que poidan comprometer o retorno de fondos. É responsabilidade dla APFSC, en relación á fiabilidade e seguimento destes indicadores, comunicar coa periodicidade establecida o nivel da súa consecución.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Xunta de Galicia, a través da AXI, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras, destinando para isto ata un máximo de TRES MILLÓNS CENTO TRECE MIL NOVECENTOS SESENTA E SEIS MIL EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (3.113.966,88 €), IVE non incluído, que proceden do MRR, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.512B.703. código de proxecto 2022 – 00009 dos orzamentos da AXI, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
-----	-----------

2022	100.000,00
2023	400.000,00
2024	2.613.966,88
TOTAL	3.113.966,88

En concreto subvencionarase o 100% das actuacións integración urbana e mellora do tránsito peonil/ciclista na estrada baixa do Porto e a construción do estacionamento disuasorios e o 50% da actuación no entorno da dársena de Curuxeiras

Por esixencias dos fondos del MRR, a AXI non poderá subvencionar o importe do IVE nin das taxas por dirección de obra que, en todo caso, correrán a cargo da APFSC.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderanse realizar pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagos pagaranse pola contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

A APFSC xustificará o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos percibidos ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, AXI, e no seu caso, ante a Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Xustificación dos gastos efectuados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e dos pagos realizados, con xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, de acordo coa normativa aplicable aos fondos europeos.
2. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
3. Certificación expedida polo órgano correspondente dos gastos realizados con recursos propios e, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Certificados do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pago débedas cola Administración pública de la comunidade autónoma conforme co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.

6. Mostra fotográfica da publicidade da subvención e das obras realizadas, segundo o establecido na cláusula segunda do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante os anos 2022, 2023 e 2024. En ningún caso serán subvencionables o custe da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionado sobre o custe total da actividade.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación de dous representantes da AXI e dous representantes da APFSC.

A comisión reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez ao ano, aínda que calquera das partes poderá instar a súa convocatoria extraordinaria.

A comisión terá as seguintes funcións:

- Coordinar os traballos para a consecución óptima de fin perseguido.
- Resolver calquera discrepancia que xurda na interpretación e execución do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula terceira.

O funcionamento da comisión rexeráse polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio que non sexan resoltas pola comisión de seguimento, solucionaranse conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

SEXTA. - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.

Este convenio ten natureza administrativa e rexeráse polas súas cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola normativa seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións; Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; Orde

HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación. A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao encargárase da súa inscrición, no prazo de cinco días hábiles dende a súa formalización, e da súa publicación no BOE.

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custe da actividade para a que foi concedida a subvención, descontárase o exceso obtido sobre o citado custe. Procurárase, en todo caso, que as categorías das axudas non sexan concorrentes e que os gastos elixibles non sexan os mesmos.

OITAVA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN:

A axuda concedida ao abeiro deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos intereses de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei i9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Cando no sexa posible acreditar o logro dos obxectivos por falta de fiabilidade dos indicadores comunicados e isto impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia a APFSC deberá reintegrar total ou parcialmente as axudas percibidas.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización das actuacións por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes ou o feito de non poder dispoñer finalmente dos fondos MRR.

NOVENA.- PUBLICIDADE.

De conformidade con artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a AXI publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. a firma do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral e subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Dado que os fondos que achega a AXI proceden do MRR toda referencia realizada á actuación obxecto do presente acordo en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión debe cumprir cos requisitos que figuren no Manual de Imaxe do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que, no seu caso, se aprobe, ou no manual que sexa aprobado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Sen prexuízo do anterior, deberá figurar en todo caso a referencia á financiación da actuación con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a súa xestión polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Os receptores de financiación da Unión Europea deben de mencionar a orixe desta financiación e garantir a súa visibilidade, en particular cando promovan



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Puerto de Ferrol

Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao


as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Do mesmo xeito, tódalas licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan neste ámbito, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo a seguinte referencia "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", de acordo co artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como unha referencia a súa xestión por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes acordan someterse á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa aplicable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2022 nas condicións establecidas na cláusula cuarta.



Así lo otorgan en el lugar y fecha del encabezamiento, subscribiendo el presente convenio por triplicado ejemplar.

La presidenta
de la Axencia Galega de Infraestruturas

El presidente de la Autoridad
Portuaria de Ferrol-San Cibrao

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Francisco Barea Paz